

Estimado hostaleiro/a:

A Fundación Rosalía de Castro quere conmemorar o Día de Rosalía, como xa comezou a facer o ano pasado, lembrado o poema "Miña casiña, meu lar", incluído en *Follas novas* (1880) e no que unha muller pobre conta como consegue, fronte ás adversidades que a rodean e ás súas propias penurias, facer un "caldo de gloria". Con el non só logra alimentarse e sobrevivir: na súa humildade e ao pé do lume da lareira tamén é feliz.

O caldo que se vai describindo ó longo do poema cos seus ingredientes (auga, sal, unto, verzas) e que incorpora o "bolo do pote", responde ó que Picadillo defendía en 1905 como *caldo galego enxebre* e que el enriquecía con fabas, tamén chamadas feixóns, e patacas cortadas.

O que se pretende é que Galicia lembre a Rosalía no seu día compartindo en lugares públicos ou no ambiente familiar este caldo dos humildes, o desta muller que nos representa a todos, coma Rosalía. Por iso che pedimos que participes desta celebración incluíndo na carta ou nas tapas dese día o "Caldo de gloria". Sería unha maneira de celebrar en Galicia e no mundo o que nos une: a nosa cultura gastronómica popular e unha referencia galega e universal como é Rosalía.

Para potenciar esta participación activa crearemos o pertinente *hashtag* ou *cancelo* e na nosa páxina web serán descargables tódolos materiais e textos relacionados co evento. Se vas participar ponte en contacto connosco para figures na listaxe de locais adheridos e facerche chegar o mantel de papel deseñado para a ocasión e que agora che adxuntamos. E non dubides en escribirnos se tes tamén calquera consulta que facer: [fundacionrosaliadecastro@gmail.com](mailto:fundacionrosaliadecastro@gmail.com).

Espero que a proposta sexa do teu interese e agradezo de antemán a túa colaboración.

  
Año: Anxo Angueira

Presidente da Fundación Rosalía de Castro

A Matanza, Padrón, 29 de xaneiro de 2018